



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Economía mundial

Materia	Economía: Economía mundial			
Código	V03G100V01202			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Simón Fernández, Xavier			
Profesorado	Padín Fabeiro, María Carmen Simón Fernández, Xavier			
Correo-e	xsimon@uvigo.gal			
Web				

Descrición xeral Benvido a Economía mundial. Iremos traballar duro para mellorar o nivel de comprensión da estrutura e funcionamento da economía mundial. Tentaremos combinar diferentes ferramentas pedagóxicas para que o cuadrimestre sexa interesante e proveitoso para todos. A participación activa dos alumnos e alumnas vai ser a peza central deste percorrido que iniciamos. Oxalá Economía Mundial responda ás vosas expectativas e oxalá cheguemos a xuño cos deberes feitos e satisfeitos do traballo realizado.

O profesor vaivos acompañar neste interesante percorrido e vaivos facilitar as ferramentas necesarias para a comprensión das forzas actuantes na Economía Mundial.

Vos teredes que pór traballo e entusiasmo por aprender.

Competencias

Código	
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Comprender as bases de funcionamento da economía, diferenciando países desenvolvidos e subdesenvolvidos.	CE3 CE4 CE5	CT5
Elaboración de informes que analizan a estrutura económica (mediante un conxunto de variábeis) de un grupo diverso de países.	CE3 CE5 CE8 CE13	CT5 CT7
Elaboración de informe que analiza a dinámica de algunhas variábeis económicas para un grupo diverso de países	CE3 CE4 CE8 CE13	CT5 CT7
Presentación oral dos informes relativos á estrutura e dinámica para un grupo diverso de países	CE8 CE13	CT5 CT7

Contidos

Tema

PARTE I. INTRODUCCIÓN

Tema 1.- Conceptos básicos, metodoloxía e fontes.

Descrición:

O sistema económico. Análise de Sistemas. Bases de Datos e Bibliografía.

PARTE II. ESTRUTURA E DINÁMICA DA ECONOMÍA MUNDIAL

Tema 2.- As economías desenvolvidas.

Tema 3.- As economías subdesenvolvidas

Tema 4.- Outras formas de inserción na economía mundial

Descrición:

Esta parte desenvolverase como se fora un único tema. Os principais conceptos e procesos son: orixe do capitalismo; desenvolvemento e subdesenvolvemento; relacións centro/periferia; semellanzas e diferenzas no proceso de desenvolvemento; o socialismo real; a economía chinesa.

PARTE III. ESTRUTURA E ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Tema 5. Recursos humanos: poboación e mercado de traballo.

Descrición:

Comportamento demográfico: a súa incidencia nos niveles de benestar; desemprego; actividade económica; poboación e estado do benestar.

Tema 6. Recursos naturais e desenvolvemento económico.

Descrición:

Modelos de Producción agraria; Modelos de Producción pesqueira; Ecoloxía e Economía; problemas ambientais globais; nivel de renda e sensibilidade ambiental.

Tema 7.- Tecnoloxía, industria e servizos.

Descrición:

Modelos de Producción e Organización do Traballo; o papel da tecnoloxía; relevancia das TICs; Terciarización das economías.

PARTE IV. RELACIÓNS E INSTITUCIÓNS ECONÓMICAS INTERNACIONAIS

Tema 8.- Institucións monetarias e financeiras internacionais: SMI, FMI e BM.

Descrición:

Coherencia sistémica global; sistema internacional de pagamentos; regulación dos fluxos financeiros;

Tema 9.- Regulación do comercio internacional: a OMC.

Descrición:

Coherencia sistémica global; sistema internacional de regulación dos fluxos comerciais; aspectos sectoriais do comercio internacional; libre comercio e desenvolvemento.

Tema 10.- Os procesos de integración económica.

Descrición:

Procesos de integración económica: conceptos e experiencias; a Unión Monetaria e Económica na UE; as políticas sectoriais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	8	18	26
Prácticas con apoio das TIC	4	10	14
Foros de discusión	3	8	11
Aprendizaxe colaborativa	3	10	13
Lección maxistral	30	44	74
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Durante os seminarios o alumnado realizará a actividade de Presentación oral dos Informes solicitados
Prácticas con apoio das TIC	Sesións en Aula de Informática para o manexo de Servidores Estatísticos e Bases de Datos. Mediante estas sesións o alumnado adestrarase no manexo da información económica procedente deses servidores e recibirá as claves para a conseguinte elaboración de diversos Informes sucesivos. Cada Informe consistirá en responder a unha ou varias preguntas mediante a análise de datos e a súa representación gráfica. Os datos conformarán unha Base de Datos específica para un conxunto de países que o alumnado irá construíndo conforme avance o curso.

Foros de discusión	Durante unha sesión de Seminario, o alumnado realizará a actividade de Argumentación arredor dun tema proposto. Formaranse grupos que argumentarán posicións contrarias e formularán preguntas ós "contrincantes".
Aprendizaxe colaborativa	Durante unha sesión de Seminario, o alumnado se dividirán en grupos e deberán realizar un Informe colectivo arredor de unha pregunta común. Posteriormente deberán presentalo oralmente e responder ás cuestións que formulen outros estudantes ou o profesor.
Lección maxistral	Presentación dos contidos teóricos dos temas para axudar á preparación de Informes. Entregaranse lecturas para cada unha das partes da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesor ofrecerá os elementos guía que axudarán ao estudantado a encamiñar o seu traballo nos diferentes elementos que conforman a materia.
Seminario	Ao tratarse de grupos reducidos e ao estar centrados en aspectos específicos, o estudantado terá o protagonismo central na construción dos discursos interpretativos dos fenómenos económicos, sociais e ambientais que conforman a materia.
Prácticas con apoio das TIC	Estas prácticas desenvólvense nas semanas iniciais para que o estudantado se adestre no manexo de algúns indicadores económicos, sociais e ambientais: buscando os datos nos servidores estatísticos, realizando cálculos, graficando os resultados, etc. O alumnado debe aprender a formular argumentación escrita arredor de unha pregunta coñecida. Usará os seus coñecementos previos, ampliará o seu espectro conceptual, atenderá á información conxuntural, entenderá a información cuantitativa previamente xerada...todo elo para formular uns informes específicos.
Foros de discusión	Servirá para calibrar as posibilidades de ser parte de un equipo de traballo. O profesor poderá guiar o proceso de estruturación do grupo. Pero este debe ser autónomo no seu funcionamneto.
Aprendizaxe colaborativa	Servirá para calibrar as posibilidades de ser parte de un equipo de traballo. O profesor poderá guiar o proceso de estruturación do grupo. Pero este debe ser autónomo no seu funcionamneto

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Seminario	Presentación oral dos Informes requiridos e traballo en grupo. Cada un dos Informes consistirá nun texto escrito de extensión limitada e unha Base de Datos que recollerá os valores das variábeis, os cálculos dos indicadores seleccionados e a súa representación gráfica	25	CE4 CT5 CE5 CT7 CE8 CE13
Prácticas con apoio das TIC	Presentación escrita de Informe en relación ao primeiro dos temas propostos que será avaliado segundo o seu contido e a Base de Datos que acompaña a cada Informe	10	CE3 CT5 CE4 CE5 CE8 CE13
Foros de discusión	Defensa de unha posición específica en relación a tema proposto. Argumentación para fortalecer a posición. Preguntas para debilitar a posición contraria, a do outro grupo.	10	CT5 CT7
Aprendizaxe colaborativa	Traballo colectivo para xerar unha posición común respecto a tema proposto. Intercambio de ideas.	10	CT5
Lección maxistral	A participación nas sesións maxistrais será parte da avaliación final. Esa participación instrumentarizarase mediante: -Preguntas e comentarios orais durante a sesión -Resumos críticos das lecturas obrigatorias e voluntarias	5	CE3 CT5 CE4 CT7 CE5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de proba escrita. Conterá algunha ou varias das seguintes opcións : - Enunciados que o alumno/a determinará se son verdadeiros ou falsos -Enumeración de características, diferenzas e/ou similitudes de procesos económicos - Interpretación económica de datos, gráficas ou textos.	40	CE3 CT5 CE4 CE5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia será necesario obter 5 ou máis puntos, como suma das puntuacións obtidas en cada unha das partes

que configuran a avaliación. En calquera caso, esíxese unha puntuación mínima de 3 puntos (sobre 10) na proba denominada "Exame de preguntas de desenvolvemento" para superar a materia.

En segunda convocatoria o alumnado manterá a nota da avaliación continua (excepto o exame final, que deberá repetir na convocatoria extraordinaria). Así mesmo, terán a posibilidade de mellorar os resultados obtidos en algúns dos exercicios realizados nos Seminarios ou na Aula de Informática.

Realizarase unha proba denominada "Exame de preguntas de desenvolvemento". Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudiantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Así mesmo, para a convocatoria de fin de carreira estudiantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación.

Para optar á avaliación mediante exame final ao 100% da cualificación, o alumnado deberá comunicalo ao profesor mediante e-mail antes do primeiro venres do terceiro mes de docencia.

As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da Facultade (<http://fccee.uvigo.es>)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Vidal Villa e Martínez Peinado, **Economía Mundial**, 2000,

Jaime Requeijo, **Economía Mundial**, 2006,

Bibliografía Complementaria

VV. AA, **Sistema Económico Mundial**, 2004,

Samir Amin, **El capitalismo en la era de la globalización**, 1998,

Samir Amin, **La desconexión**, 1988,

VV. AA., **La economía mundial en transformación**, 2011,

Organización Internacional do Traballo, <http://laborsta.ilo.org/>, 2015,

Banco Mundial,

<http://databank.worldbank.org/data/views/variableselection/selectvariables.aspx?source=world-development-indicators>, 2015,

Fondo Monetario Internacional, <http://unstats.un.org/unsd/syb/>, 2015,

Eurostat, <http://ec.europa.eu/eurostat/>, 2015,

Organización Mundial do Comercio, <http://stat.wto.org/StatisticalProgram/WSDBStatProgramHome.aspx?Language=E>, 2015,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Técnicas de economía aplicada/V03G100V01105

Outros comentarios

Estudar a Economía Mundial é ocuparse de entender procesos que teñen raíces históricas. Pero eses procesos están vivos, constrúense día tras día. Por iso para seguir esta materia e alcanzar as destrezas necesarias cómpre ler, ler e ler. Iso inclúe libros e artigos pero tamén os informes das institucións internacionais, os informes de organizacións non gobernamentais que se ocupan dos temas de desenvolvemento económico, e as noticias máis quentes que se publican diariamente nos xornais xerais e específicos.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

No caso de docencia non presencial, o CAMPUSREMOTO será o medio para realizar a docencia, asociado coas ferramentas de Moovi, Moodle e similares.

Mantéñense todas as metodoloxías, excepto as prácticas en aula de informática con ferramentas estatísticas para análise de datos.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Realizaranse prácticas online relativas ao uso de paquetes estatísticos para tratamento de datos. Usarase Moovi,

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Despacho virtual do profesor ou email, usando este como mecanismo de comunicación.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non hai modificacións

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Ningunha bibliografía adicional

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense todas as probas e non cambia o seu peso.
